

# Reflexións sobre as primeiras novelas de Rosalía de Castro

Discurso lido o día 3 de outubro  
de 2015 no acto da súa recepción,  
polo excelentísimo señor don

**Basilio Losada Castro**

e resposta do excelentísimo señor don

**Xesús Alonso Montero**



REAL ACADEMIA GALEGA









# Reflexións sobre as primeiras novelas de Rosalía de Castro

O solemne acto académico  
en que foron lidos os dous  
discursos recolleitos no  
presente volume celebrouse  
o 3 de outubro de 2015  
no Salón de Actos da  
Real Academia Galega.

**Edita**

Real Academia Galega

**ISBN:** 978-84-87987-95-3

**Depósito Legal:** C 1711-2015

© Basilio Losada Castro, 2015

© Real Academia Galega, 2015

**Deseño da colección**

Grupo Revisión Deseño

**Impresión**

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.



# Reflexións sobre as primeiras novelas de Rosalía de Castro



REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña 2015





Discurso do excelentísimo señor don  
**Basilio Losada Castro**





Excelentísimo señor Presidente da Real Academia Galega,  
membros da Academia, amigos e amigas:

Pensei durante un tempo no tema da intervención coa que ía agradecer a proposta de ingreso nesta Real Academia. A verdade é que cunha vida moi longa, e sempre moi lonxe de Galicia, nunca pensei que tivese méritos dabondo para formar parte desta institución, de tan longa historia e de recoñecidos servizos á cultura galega. Agradezo pois de todo corazón o honor que me foi concedido, e lamento só o feito de que aos meus oitenta e cinco anos pouco podo facer xa no futuro para corresponder a este honor. Un amigo meu, excelente escritor, recoñecido cun doutoramento honoris causa pola Universidade de Cádiz, dicíame que tódalas pompas son fúnebres. Mesmo así, seguirei pensando en Galicia todo o tempo que me quede de vida, e traballando polo país desde o meu campo de actividade, as universidades de Europa e de América que me chamaron para falar nelas, pensando que teño algo que dicir, e nas que sempre puiden introducir referencias á nosa cultura e á nosa historia.

Decidín finalmente falar aquí de Rosalía de Castro porque Galicia é, teño para min, o único país do mundo construído e mantido en vida polos seus poetas, e cunha muller en cabeza deles. Interesábanme especialmente as razóns que levaron a Rosalía a escribir poesía en galego despois de iniciar a súa obra en castelán, e de facelo centrada sobre todo na narrativa. No ano 1992, a editorial Planeta pedíume que redactase uns limiares a varios tomos da obra castelá de Rosalía. Polo visto un Banco –non lembro cal– pensaba repartir a edición entre os seus accionistas ou contacorrentistas. Respondín que, nese proxecto, non se podían deixar fóra as súas

obras fundamentais, os volumes de poesía en galego. Aceptaron e, definitivamente, a edición organizouse en seis volumes, con cadanseu limiar de introdución por min redactado. No 1994, xa publicados, recibín eu tres series completas. Unha delas cedínlle a Andrés Pociña, catedrático en Granada e investigador que leva moito traballado no eido da bibliografía rosaliana (coa súa muller Aurora López). Outra serie, supoño eu, poida que estea na Cidade da Cultura, en Santiago. A terceira servíume agora para reler a fondo unha vez máis as primeiras novelas de Rosalía, que, por certo, foron nas últimas décadas obxecto de varias e diferentes reedicións.

En xeral, as referencias bibliográficas á obra inicial de Rosalía anterior a *Cantares gallegos* son escasas e adoitan manifestaren certa desconsideración, ás veces mesmo un esquecemento ou silencio que algúns coidaban merecido. Tiven eu que facer agora unha relectura, nada cómoda ás veces, certamente, pero si interesada, e nesa relectura confirmei para min que, nas obras primeiras de Rosalía en prosa castelá, podíanse descubrir dúbidas e obsesións que aparecen logo na súa obra maior. Penso que un clásico é o escritor –ou o artista en xeral– que deixa, ao longo do seu labor, unha mensaxe que cada xeración pode recibir como súa, sentindo a obra como contemporánea. Así, nos anos noventa, e aínda máis hoxe, valoramos unha Rosalía feminista: velaí unha novela inicial como *La hija del mar* que pode ser abordada como unha das primeiras manifestacións literarias baseadas na reivindicación dunha situación máis xusta para a muller na sociedade.


Hoxe, teño para min, a Rosalía que máis nos interesa é a gran poeta rebelde e obstinadamente relixiosa que na súa obra hai. Díciame unha vez un importante teólogo luterano que Deus non quere que o coñezamos, quere que o busquemos. E quen busca a Deus xa o atopou. E que é buscar a Deus? Buscalo nos que nos arrodean e respectalos, descubrir neles un obxectivo do amor e da xustiza. Francisco Rodríguez tratou extensamente este tema, o da relixiosidade de Rosalía, pero cunha certa conclusión, poida que excesiva, de que hai un fundamento de ateísmo contido e non expreso na dúbida da autora. Non levo eu tan lonxe esta proposta. Rosalía dubida, e a dúbida é un xeito de afirmación intelixente. Coa dúbida fuximos das afirmacións apodícticas do Poder, de todo Poder, das afirmacións que non aceptan contradición. Non son eu teólogo, pero é un aspecto que non se pode descoidar na

comprensión da obra de Rosalía. Facelo é profundar en Rosalía como poeta do seu tempo, e para o noso.

Xa no limiar a *La hija del mar* –o único limiar que escribe Rosalía a unha novela súa– pon Rosalía como exemplo unha nómina de mulleres ilustres, como demostración fronte aos que cren “que a muller só serve para labores domésticos”. As protagonistas de *La hija del mar* son dúas mulleres abandonadas, dúas mulleres *en soidade*: Teresa –e convén lembrar que Teresa era o nome da mai de Rosalía, muller “abandonada” e condenada á soidade–, e mais Esperanza. E o nome xa o di todo. Esperanza é o nome dunha nena abandonada nun rochedo cara ao mar. ¿Como non ver na moza deste nome, cheo de significado, a manifestación, consciente ou inconsciente, dun aspecto que Rosalía sufría como realidade súa? E logo, a defensa que ao longo desta novela fai a autora dos expósitos, vítimas inocentes, chamados, aínda hoxe, fillos ilexítimos –e, digo eu, que os ilexítimos son os pais, non os fillos.

Teresa e Esperanza, mulleres abandonadas e xenerosas, vítimas de prexuízos sociais e vítimas de homes como Alberto, o protagonista masculino da novela, personificación absoluta do mal. Alberto, a contrafigura masculina do relato, é o mal fronte á inocencia, o mal absoluto e sen matices. Malvado por esencia, porque no libro os homes só encontran satisfacción no sufrimento que causan no seu redor. Alberto, diabolicamente fermoso e atractivo, diabolicamente vil, é o contrapunto da abnegación, da xenerosidade das mulleres, tristes vítimas tantas veces da súa paixón, e que, como a mai de Rosalía, purgarán a súa entrega co resto dunha vida en soidade.

E a Natureza, coa grandeza dun cadro romántico: o mar que hoxe chamamos da Costa da Morte, na proximidade de Muxía, un mar rebelde como a paixón fencida ou culpable. As tempestades que axitan o mar que describe Rosalía son coma as tempestades que axitan as almas. E no mar, presenza permanente na novela coa súa cega crueldade e a súa grandeza, centra Rosalía as mellores páxinas, dentro dunha visión que responde fielmente aos patróns románticos. Esta novela non é digna da superficialidade ou do silencio con que foi tratada ata hoxe por case que tódolos críticos. Incluso na inverosimilitude psicolóxica e nos seus excesos pasionais, hai unha compracencia na dor que aparece logo na obra maior de Rosalía. E tamén a correspondencia escura entre amor e morte. Un amor que, visto dende o prisma wertheriano, conduce á aniquilación persoal.



Teño para min que se hai dous libros dos que un psicólogo –eu non o son– e un coñecedor minucioso da biografía da autora poderían extraer conclusións válidas, estes libros son *La hija del mar* e *Flavio*. Voume deter máis neste romance, pero volverei brevemente ao primeiro libro.

Cando apareceu *La hija del mar* tiña a súa autora vinte e dous anos, pero o libro posiblemente levaba tempo sen dar cun editor interesado. Isto podería xustificar a fidelidade da lingua da novela aos esquemas dun Romanticismo aínda vivo, especialmente na narrativa popular, pero que comezaba a ser superado polas novas correntes: o costumismo e, logo, o realismo. Con todo, é doado descubrir nesta obra, case de adolescencia, elementos interesantes para entender o clima estético en que se formou Rosalía, e, de maneira cabal, os problemas persoais que afectaron a aquela escritora en xermolo, e que ían logo aflorar todo ao longo da súa obra.


A escasa crítica que se ocupou deste libro –e, xa que logo, hai que referirse ao libro de Francisco Rodríguez *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria* (2011)– reconece con claridade unha visión centrada nos problemas da muller, manifestados con especial crueza na época en que vivía a autora, e aínda non superados na nosa, por máis que manifestados noutro xeito. A reivindicación da muller na vida social é unha constante na obra de Rosalía, e de maneira explícita nas obras líricas de madurez: reivindicación dun papel máis xusto da muller na vida social e mesmo na privacidade, denuncia da submisión na que se atopaba, e denuncia, tamén, dos condicionamentos que dificultaban unha xusta valoración no seu traballo. “Aínda non lle é permitido á muller escribir do que sente e do que sabe” é unha reflexión constante en toda a obra da autora.

Dicimos hoxe –ou poida que sería mellor dicir que é o que eu penso– que non hai unha Rosalía que algúns adxectivaron de “folclórica”, no seu primeiro libro maior, *Cantares gallegos*. O adxectivo non se sostén. Non hai nese libro folclore. O folclore mostra o pobo como espectáculo, pero, nese libro, Rosalía é a voz do pobo, dun pobo que non ten voz, e Rosalía descóbrela. É a mesma linguaxe, as mesmas preocupacións, a ledicia un tanto sen sentido, e a dor profunda e aparentemente sen remedio. Logo, nos anos 50, unha Rosalía que dá cunha expresión filosófica moi fonda, en poemas que os ensaístas de *Sete ensaios sobre Rosalía* valoraron axeitadamente no espírito da filosofía existencial. Se a soidade é un tema constante na

obra de Rosalía, non se trata da soidade coma un *estar* en soidade, senón coma un *ser* en soidade. Con iso, Rosalía formula con sinxeleza e claridade o problema que centrou a especulación de tantos pensadores e de tódolos discípulos de Heidegger. E aínda hoxe estamos a descubrir a fecundidade desta idea. Logo, xa nos anos 60 e 70 hai unha Rosalía que poderíamos chamar testemuñal ou social, por máis que sen sombra de apriorismos políticos. E convén reparar no limiar co que a autora subliña o contido de *Follas novas*. Di nel: “As multitudes dos nosos campos tardarán en ler estes versos, escritos a causa delas pero só en certo modo para elas”. Todo o limiar é un manifesto terminante sobre o que quere ser a súa lírica, tantas veces definida como “intimista”, sen reparar que nela Rosalía séntese sempre vítima dunha situación que afecta aos *tristes* –e o adxectivo vai moito máis aló do que en sentido literal podería supoñerse. Ela non pensa nos *tristes* como destinatarios da súa obra –“tardarán en ler estes versos”– pero escribe a súa obra “por causa” deles. Resolve así o problema, tantas veces formulado e nunca resolvido, da poesía que chamabamos daquela “poesía social”. Rosalía non rebaixa a súa esixencia estética ou expresiva para ser entendida, pero os seus poemas traballan, repito, *pola causa* dos que sofren, e sentindo a causa deles como propia. Despois, xa a finais do século XX, unha Rosalía feminista. Hoxe, penso eu, convén afirmarse nunha visión teolóxica, sen esquecer tódalas propostas referidas. Ver en Rosalía a dúbida permanente sobre a existencia e a xustiza de Deus. Rosalía dubida, vólvese desesperanzada diante o silencio de Deus e diante a dor dos inocentes, pero ponse ao servizo destes. Díxome hai moitos anos un profesor meu no bacharelato: “Si quieres no equivocarte, ponte siempre al lado de los que sufren. Es posible que ellos se equivoquen, pero tú no te equivocarás”. Non sei se Rosalía diría ou dixo algo semellante, pero viviu con esta idea.

Moito desta Rosalía está xa nas súas obras iniciais, obras practicamente de adolescencia. *La hija del mar* apareceu publicada no ano 1859. Tiña Rosalía vinte e dous anos, pero é seguro que a novela levaba tempo –poida que anos– esperando editor. En *La hija del mar* hai unha clara, constante e case que única obsesión: a reivindicación dun papel máis xusto e digno da muller na vida social e aínda na familiar.

Como xa dixen, por razóns de tempo e de espazo, limitareime a centrar a miña meditación en dous libros iniciais: *La hija del mar* e *Flavio*. Convén repetir



que as datas de publicación non teñen excesivo significado. Sen dúbida tratábase de orixinais que levaban xa tempo á espera dun editor.

O interese por estas obras, que en tantos aspectos amosan un traballo de adolescencia, vai hoxe en aumento. Xa no 1985 o malogrado Xoán González-Millán chamaba a atención sobre o silencio que a crítica rosaliana mostraba con relación a estas obras, e o silencio encubría moitas veces un desdén evidente. Nas *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (1986) dicía González-Millán:

Es urgente subsanar la situación actual de la crítica sobre la obra narrativa de Rosalía de Castro. Este vacío resulta hoy insostenible, porque de ello depende no sólo un mejor conocimiento de ciertos aspectos de sus poemarios, sino también una visión de la narrativa española de la segunda mitad del siglo XIX más ajustada a su diversidad y complejidad.

En Barcelona, publicouse no 2012 un libro titulado *Canon y subversión*, co subtítulo de *La obra narrativa de Rosalía de Castro*. Tódalas colaboradoras do libro, publicado polo Centre Dona i Literatura da Universitat de Barcelona, son mulleres. Entre elas atopamos os nomes de Catherine Davies e Kathleen N. March: ambas teñen estudado, amplamente e de maneira sostida, a obra de Rosalía dende unha perspectiva feminista. No ensaio inicial de *Canon y subversión*, as editoras, Helena González e María do Cebreiro Rábade, xustifican o título e o contido desta obra:

Probablemente nuestro tiempo histórico ... sea especialmente propicio a nuevas interpretaciones de las novelas de Rosalía. Este volumen se propone contribuir al esclarecimiento crítico de la narrativa de la autora, pero, sobre todo quiere ser una invitación a la relectura conjunta de una obra cuya complejidad resulta, todavía hoy, un desafío.

Verbo do feminismo, insisto na importancia dunha colaboración de Pilar Pallarés (“Rosalía: unha lectura feminista”) no volume colectivo *Rosalía de Castro: unha obra non asumida* (Santiago de Compostela: Xistral, 1985). Outros pulos galegos a esta visión enriquecedora virían das obras de Pilar García Negro e Carmen Blanco.



Recomendo o devandito libro publicado pola Universitat de Barcelona. Con todo, convén salientar un libro memorable e poucas veces citado. O seu título é *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria*. Trátase dun volume no que o autor, Francisco Rodríguez, fai o estudo máis completo feito ata agora sobre a narrativa de Rosalía e as súas relacións coa literatura do seu tempo, temas que coñecería a nosa autora a través do seu reflexo na literatura popular.


Xesús Alonso Montero, no seu *En torno a Rosalía*, recolle un traballo de Alberto Machado da Rosa, do 1954, baixo o título “Rosalía de Castro, poeta incomprendido”, artigo moi comentado e publicado na *Revista Hispánica Moderna* (1954) hai tempo e hoxe poida que esquecido. Machado da Rosa recolle datos que abundan nun amor de Rosalía adolescente con Aurelio Aguirre. Machado da Rosa recolle unha cita de Lázaro Montero, nun ensaio titulado *El amor* (1947). Decía: “resulta innegable en Rosalía un amor anterior a su conocimiento de Murguía”. Machado da Rosa di ademais con claridade algo que os biógrafos de Rosalía trataron sempre cun exceso de contención e abundancia de insinuacións:

La vida del matrimonio Murguía fue un largo martirio. A pesar de la lucha íntima por la fidelidad a su marido, Rosalía se siente irremediamente arrastrada bajo la maldición constante de la sombra negra de Aguirre.

Non hai probas dunha entrega pasional a Aguirre. Alonso Montero recolle no seu imprescindible *En torno a Rosalía* a resposta de Bouza Brey, no mesmo ano da aparición do texto de Machado da Rosa, negando terminantemente a relación sinalada sen probas por Machado. Bouza Brey, o mellor coñecedor da biografía de Rosalía no seu tempo, afirma:

El amor entre Aguirre y Rosalía solo existió en la mente del autor, para llegar a conclusiones tan absurdas que los que indagamos en la biografía de estos escritores desde hace muchos años... no podemos por menos de deternernos en su refutación.

Queda pois pendente investigar un aspecto que, de seguir a Machado da Rosa, xustificaría unha lectura de *Flavio* coherente: faise precisa unha esculca do problema sobre novos datos ou documentos que poidan deitar luz. Machado da



Rosa sitúa o amor de Rosalía cando esta tiña quince anos, e, despois, cando Rosalía rompeu o suposto compromiso de “amor eterno” con Aguirre, “cansada de los fantasiosos excesos del lúgubre vate compostelano”, –di Machado da Rosa– “una pasión adulta se apoderó violentamente de la poetisa. [...] Rosalía se enamoró perdidamente de un residente anónimo de la villa del Sar”. Segue anónimo o residente en Padrón, pero non hai probas da súa existencia.

De comprobarse e probarse estas dúas experiencias de adolescencia, o libro *Flavio* podería ser a consecuencia desta obsesión tenebrosa da nosa poetisa, e cobraría un sentido cabal na biografía da autora.

Non pretendo eu engadir nada novo ao que xa está tratado, cunha aberta curiosidade en Machado da Rosa, e con notable información nos libros e autores citados, e poida que noutros que non coñezo. O que si desexo, coa miña presenza neste acto, e coa oportunidade que me ofrecen hoxe, é manifestar, no ámbito ilustre desta Academia Galega, a existencia dun camiño aínda pouco aberto cara á comprensión total da obra de Rosalía.

Verbo de *La hija del mar*, chamo a atención sobre o feito de que no limiar do libro, que é, repito, o único prefacio posto por Rosalía a unha obra narrativa da súa autoría, fai ela referencia nominal a varios nomes de mulleres ilustres. E faíno “porque todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben”.

Se na primeira novela de Rosalía o tema é a soidade –a soidade da muller–, en *Flavio* hai toda unha teoría sobre o amor como proxecto vital inútil por imposible. Novamente temos que referirnos ao libro xa citado de Francisco Rodríguez *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria*, onde se intenta unha valoración total da obra narrativa inicial da autora.

*Flavio* apareceu no ano 1861 como folletín de *La Crónica de Ambos Mundos*. E publícase só dous anos despois de aparecer *La hija del mar*. Ambos libros levaban, moi probablemente, un tempo máis ou menos longo esperando editor, pero *Flavio* supón un avance tan considerable que podemos ter a *La hija del mar* como obra de adolescencia, e a *Flavio*, se aínda non como obra de madurez, si como un intento de plasmar un dramático problema sentimental.

Son catro os personaxes centrais da novela, con dous, Flavio e Mara, como protagonistas, e outros dous, Rosa e Ricardo, cunha menor intervención na trama

argumental. Malia ver o amor, os diferentes climas de amor, acabados sempre nun fracaso, Rosalía intenta no posible construír unha historia que parecece, poida que ante ela mesma, construída con certa obxectividade. *Flavio* é tamén unha historia de soidade, a de Flavio e Mara, vítimas dun amor desmedido que fracasa pola incapacidade de manifestalo máis aló das palabras. Poida que o resultado do conflito para un lector non moi interesado sexa o fracaso da linguaxe amorosa para construír un sentimento profundo. Flavio é un mozo sentimental retraído, e Mara tamén o é, pero cada un ao seu xeito e de acordo coas súas vivencias, dominados os dous pola propia timidez e pola presión ambiental, no caso de Mara fundamentalmente.

Na obra non hai sexo, fóra do que supón a sospeita dos alleos, dos de fóra da súa situación, ferozes analistas do que sospeitan. O personaxe máis conflitivamente debuxado, con tódalas súas contradicións, é Flavio, quen á morte do pai abandona o pazo de Bredivan, onde naceu e viviu os primeiros vinte anos. “¡Ah! Mi palacio, mi viejo palacio...; maldita tu soledad, que por tan largos años me privó de los goces que otros han obtenido a manos llenas!”. Flavio deixa todo tras del en procura da liberdade: “La verdadera patria del hombre es el mundo entero[...] Cenizas de mis padres..., adiós... Yo os lloro, pero sonrío a la libertad, que me abraza y me saluda”.

Nas primeiras páxinas da novela, as da ruptura de Flavio co que foi a súa vida, e na súa esperanza de poder vivir en diante, fóra do pazo, nunha apoteose de liberdade, viron algúns dos escasos críticos que leron esta novela un monólogo interior *avant la lettre*. Non hai monólogo interior, hai si un monólogo construído pola autora, e con constantes intervencións dela, pensando que as expresións esperanzadas do fuxitivo precisaban explicación.

O monólogo interior naceu do intento de facer coincidir o tempo do narrado co tempo da narración. Eu lin o *Ulises* en edición castelá, arxentina. Hoxe puiden xa lelo en galego. A lectura, cronometrada, durou vinte e cinco horas e trinta minutos. Naturalmente, non se tratou de vinte e cinco horas seguidas, senón de horas nunha lectura interrompida, pero sumando a duración total. Para facer coincidir o tempo do narrado co tempo da narración, Joyce utilizou o monólogo interior, a fluencia do pensamento, pero non coa sintaxe construída e supostamente fiel á recorrencia do pensar, senón cunha fluencia caótica, truncada, e vertebrada con outros temas correspondentes a outras lembranzas interpostas, cunha aparencia de caos que



non é tal, senón unha orde, outra orde, a do pensamento tal como flúe cando non precisa ser expresado para os outros. Para Flavio, “La vida del hombre sin libertad, no es vida”. Se tivese eu tempo, que xa estou abusando do dos meus ouvintes, falaría daquela resposta tan comentada de Lenin a Fernando de los Ríos no 1919: “Liberdade, para que?”, pregunta tantas veces e tan interesadamente deturpada por comentaristas de hoxe. Realmente, o problema da liberdade é *para que* vai servir. Resolveuno Kant.

Flavio quere procurar a liberdade que non viviu no pazo dos seus pais e, cando iniciaba o camiño dunha nova vida, descobre unha romaría: música, xente leda ou aparentando ledicia, e por riba de todo para el, mulleres...

Con torpeza inmensa achégase Flavio ás mulleres e vive un fracaso tras doutro. Non domina as liturxias da aproximación erótica. O capítulo é interesante, pero non vou seguir capítulo tras capítulo. Neste primeiro fracaso está a clave da novela.

Flavio é un racionalista fracasado, poida que como tódolos racionalistas. Paradoxalmente, porque todo na vida é paradoxal. É, ademais, un sentimental retraído que intenta someter aos ditados da lóxica o seu mundo interior e o mundo que o arrodea.

Vou construíndo este discurso coma se estivese construíndoo para min, sen público nin posibles lectores. Pero o que desexo é que alguén máis lea a novela como a lin eu, con esforzo evidentemente, pero con beneficio. Na primeira lectura, –no 1990–, era eu un home en plena madurez. Agora son un vello que estou facendo esforzos coma se fose eu quen saía daquel pazo e tivese que comezar unha nova vida con moito máis de oitenta anos.

*Flavio* é tamén unha novela de aprendizaxe: a dun mozo criado en soidade, cunha educación posiblemente libresca e que, de súpeto, séntese obrigado a entender as formas de comportamento e os ritos que a sociedade esixe. E, de novo, aparece no relato outro dos temas centrais da obra de Rosalía: o enfrontamento cruel coas convencións sociais, coa norma colectiva que desconcerta aos grandes solitarios. Estas convencións informan a vida urbana. Esta é tamén a primeira obra de Rosalía que ten unha cidade por escenario: “la ciudad de..., triste y sombría como un sepulcro”. E a cidade é Santiago de Compostela.

Poderíamos facer unha antoloxía coas opinións de Rosalía sobre o amor, sobre diversos climas de amor. Poderíamos construír a escolma transferindo parágrafos da obra.


Dos seres pueden llegar a amarse, pero no siempre la suerte les señala un mismo camino ni la misma fuerza les atrae. Muchas veces sucede que se alejan a medida que se buscan; que el uno retrocede cuando el otro avanza, o que, chocándose al fin con ímpetu violento, se rechazan y siguen cada uno opuesto camino.

Poderíamos ver a novela *Flavio* como unha suma de posibilidades do amor, mais nunca como triunfo, sempre como fracaso. Terá isto que ver coa vida de Rosalía? Non vou ser eu quen entre no tema. Algúns ven en Mara a imaxe de Rosalía, e en Flavio a imaxe de Aurelio Aguirre, que foi exemplo vivo e frustrado de tensión romántica. Pero vou seguir con parágrafos que manifestan basicamente unha cuestión: o amor como fracaso: “los amores eternos, que ante la primera prueba se disipan como humo vano”. Ou cunha perspectiva máis ampla, o fracaso do amor cando acepta verse sometido á forma inquisitiva e cruel dos “outros”, dos alleos: “era el amor más bello cuanto más ignorado de los extraños”. Non vou seguir, calquera lector da obra, se a curiosidade o domina, pode atopar en *Flavio* opinións semellantes.

Curiosamente, Mara, que non pode consumir o seu amor por Flavio, e precisamente polo seu temor á opinión “de los extraños”, é tamén poeta, como Rosalía, pero rompe todo canto escribe, como posiblemente tivese feito Rosalía de non mediar Murguía, que venceu tantas veces como axuda ou como imposición da súa vontade, os efectos da incompreensión “dos alleos” diante o labor da muller.

Nesta historia do amor en contraposición coa liberdade, aparece tamén a historia complementaria de Rosa e de Ricardo. Rosa, de orixe labrega, fermosa, inxenua, namorada de Flavio, e Flavio que admite ser amado sen comprometerse. Rosa que acaba suicidándose. Ricardo, que ama a Mara e que representa en certa maneira unha das moitas formas nas que o amor vive e se presenta. Todos viven as consecuencias dunha mediatizada forma de amar e dunha intensa e dramática maneira de vivir o desamor.

Entre os escasos libros de que dispoño mentres isto escribo, topo cun texto de Carballo Calero: “Núcleos significativos do legado de Rosalía”, publicado no



volume colectivo titulado *Rosalía de Castro, unha obra non asumida* (Xistral, 1985). Di Carballo: “O pertinente na obra literaria dun autor é o que configura o perfil dese autor, de xeito que as esencia da súa personalidade estexan contidas nese testemuño”.

Teño, pois, para min que, na obra de Rosalía, incluíndo tamén loxicamente *Ruínas* (1866), ou *El primer loco* (1881), podemos albiscar, sen proba, moitos aspectos nada contraditorios da súa vida na súa obra. No mesmo libro colectivo, publicado por Xistral e xa citado, hai nun traballo importante de Pilar Pallarés, unha cita de textos de Rosalía que reflicten una actitude crítica con referencia ao matrimonio: “El matrimonio, impuesto por la sociedad...” é “a única saída ante a falta de independencia económica da muller” –esta segunda parte da cita provén dun texto en galego de Rosalía: *Conto galego*.

Outro tema que aparece en *Flavio* con certa insistencia é o do suicidio, ao que na poesía de Rosalía de Castro alúdese unha e outra vez co intento de mover á súa comprensión. Flavio intenta suicidarse, pero é salvado pola milagreira intervención dun descoñecido. Rosa, a mociña namorada, cae nun río, ou tírase a el, seguindo a Flavio cando este lle nega o seu amor, e morre, tempo despois, vítima de suicidio. O suicidio é un tema romántico desde o *Werther*, e o Romanticismo está presente na obra inicial de Rosalía, mesmo con exceso, nun intre no que o costumismo, como inicio da corrente realista que vén deseguido, comeza a dominar na narrativa.

Este romanticismo nótase dun xeito especial nas páxinas primeiras do *Flavio*, sumando tódolos tópicos da narrativa popular: a noite, a fuxida, o sentido desta fuxida como unha procura da liberdade, pero tamén como presaxio da morte. É a renuncia sen sentido a unha forma de felicidade, a soidade, que por longo tempo tivo o protagonista no pazo dos pais e a onde acabará por volver. Tamén Mara foxe da casa onde Flavio a coñeceu, e foxe cara a outro mundo, a cidade, onde a soidade –a felicidade– é imposible.

Mara é unha figura con máis consistencia que Flavio, ou cunha consistencia sostida ao longo da novela por Rosalía:

¡Era tan difícil para aquella mujer–niña creer en el amor! Ella había sofocado siempre esa pasión en su pecho. Temiendo ser burlada, había coqueteado, mentido esperanzas [...]. Sensible y orgullosa... prefería engañar a ser engañada.

Mara, que escribía os seus sonhos e esperanzas, e rompía logo os papeis nos que escribira. Para Flavio, o primeiro choque na súa vida é o fracaso do amor. Fracaso ao que ben axiña dá esquecemento. E xorde un tema, a negra sombra. E non estará aquí o inicio do tema maior de Rosalía, madurecido logo nun poema maxistral que nos conmove e desconcerta?:

Una sombra errante vaga aún en el fondo de mi corazón, aérea, melancólica, ligera como un suspiro furtivo y cariñoso... [...] y esa sombra me hace temblar cuando la recuerdo; sufro como aquel que, falto de aire que respirar, busca en vano una atmósfera pura, transparente, que calme la ansiedad de su pecho. Cuando ella llama a las puertas de mi alma, el ruido de sus pasos hace latir apresuradamente mi corazón; escucho, la conozco, le abro mis brazos; pero ella entonces se retira a medida que yo me acerco; va perdiéndose, poco a poco; su pálido rostro aparece por última vez en el fondo de una nube blancuzca, me mira con tristeza, la nube se cierra lentamente y se deshace, al fin, en el espacio.

O tema de Negra Sombra segue en toda unha páxina, pero esta longa presenza non xorde no pensamento de Mara, senón no de Flavio. É, pois, o fracaso do amor o que leva a Flavio a identificar primeiro amor e liberdade, e logo a identificalos transitoriamente como aspectos dun destino trágico. E remata a novela cunha abrupta transformación. Mara dille: “Es necesario que recordéis que aún no tenemos derecho [as mulleres] para desafiar las murmuraciones de los hombres”. Posiblemente, a lección central da novela é manifestar a causa do fracaso de tódalas formas de amor que se presentan en Flavio, Mara, Rosa e Ricardo. A causa do fracaso é a sociedade, e entre os vicios da sociedade hai un sobranceiro: a incapacidade da nosa estrutura social para recoñecer unha presenza digna da muller, en definitiva a negativa a recoñecer a igualdade da muller na vida social. Mara increpa aos homes por ter construído unha sociedade á medida das súas apetencias:

¡Decid que queréis vernos esclavas y no compañeras vuestras; decid que de un ser que siente y piensa como vosotros queréis hacer unos juguetes vanos, unas máquinas, ya risueñas, plañideras y llorosas, que, a medida de vuestro deseo, estén alegres y canten al ruido de sus cadenas, o lloren y gimán en vano al compás de vuestros cantos de olvido!

Ao rematar a lectura, temos a impresión de que Rosalía intentou facer unha novela sobre o amor, pero saíulle unha novela sobre a imposibilidade de amar e ser amado. A relación entre Mara e Flavio é un diálogo de xordos, un vaivén de soliloquios con variantes nun ir e vir que ten, con todo, un invariable ton de verdade.

Que hai en toda esta novela de experiencias, de vivencias de Rosalía? Teremos que esperar unha biografía o máis detallada posible, tan abondosa en datos como a recente de Murguía, e será preciso o concurso de psicólogos máis que de críticos literarios. Pero, é a psicoloxía unha ciencia construída sobre bases sólidas? E máis cando se trata da psicoloxía de alguén que viviu nun tempo que non é xa case en nada semellante ao noso.

Toda a novela está centrada no fracaso deste sentimento que chamamos amor, e a autora intenta xustificalo con intervencións constantes na fluencia narrativa. O remate da historia, súpeto, e poida que para o lector tamén inesperado, pecha o que a historia ten como proposta de meditación. A acción remata co mesmo personaxe que a iniciou e que, non en van, xustifica o título, Flavio, quen, coa súa decisión, aclara todo o xogo de equívocos. Cando o lector que teña chegado ao capítulo XXX pensa que Flavio é unha vítima de Mara, resulta que Mara é unha vítima de Flavio. Poida que dese sentimento chamado amor só resulten vítimas. Na novela romántica popular, á que tanto debe esta de Rosalía, os personaxes teñen unha consistencia psicolóxica que os mantén, sen variación, todo ao longo do relato. En Flavio, pola contra, as contradicións mesmo resultan desconcertantes para o lector, pero teñen unha verdade psicolóxica que lles dá un perfil máis convincente desde outra perspectiva.

Nas últimas edicións das *Novelas Ejemplares* imos descubriendo como Cervantes ía formando a figura do Quixote, clarificando así unha intuición xenial. En la *hija del mar*, en *Flavio* e nas obras seguintes coas que non podo agora prolongar esta intervención, quen está madurecendo, construíndose, non é un heroe literario de



novela, un *Werther*, un *Quixote*, un *Hamlet*, senón un ser humano, Rosalía. Queda medio descuberto o tema da Negra Sombra, e queda moito máis aínda por descubrir nel. Poida que sexa imposible facelo, pero estes textos de adolescencia poden darnos pistas, pistas verdadeiras ou erradas, que máis ten? Poida que a consecuencia que poidamos tirar é a de que cada persoa é un misterio, pero quen é capaz de escribir, de deixar aberto e sen clarificar ese misterio, traballa coa consciencia dun gran escritor. Hai moito de Mara –tamén escritora– en Rosalía, pero tamén nela poida que haxa algo de Flavio: a ilusión pola liberdade, aquela virxindade espiritual coa que nos primeiros capítulos soña coa liberdade, cunha imaxe errada da liberdade.

Flavio, o mozo que foxe do pazo de Bredivan tras da morte do seu pai, é un “indio salvaxe”, pero aquel “indio salvaxe” remata convertido nun exemplar burgués. Flavio casa cunha muller que é

vieja y horrible, pero tiene ocho millones de capital, y él no ha vacilado en vender por ella su libertad. Una pobre niña víctima suya, que le esperaba creyendo casarse con él, se ha suicidado con su pequeño hijo al saber la infausta nueva.

Flavio, por su parte, quedó muy pronto dueño del inmenso capital de su mujer y habitando su viejo palacio de Bredivan, en donde se cuenta que hacía una vida verdaderamente oriental.

É o final de Flavio que presenta Rosalía. Remata a novela cun parágrafo terrible. Fala Flavio:

–Dios tenga en descanso a la pobre Rosa, que tan aprisa se empeñó en morirse, y haya convertido a la coquetilla y sutilísima Mara, que hubo de volverme loco con sus gracias... Pero, amigos míos, no creáis que miento, aquí en donde me veis, esas pequeñas historias me han causado sus disgustillos en otro tiempo... No me arrepiento, sin embargo, y nunca está de más una historia para contar en la vejez...

E a marabilla técnica nesta novela, que tan poucas ten, é o último capítulo, sorpresa final, crueldade abrupta.

Hai un parágrafo de María Zambrano que penso que convén lembrar: “Los poetas saben de la soledad más que los filósofos”. Rosalía sabía moito da soidade.

E pensa Rosalía que amar é unha imprudencia. A única posibilidade de ser feliz é admitir a parte dolorosa da vida. Toda relación, mesmo a do amor, “é un proxecto de dominio”. Isto, e moitas outras cousas máis, derivan da lectura desta novela, aparentemente frustrada. Rosalía formouse no Romanticismo, e o Romanticismo descubriu á humanidade a consciencia dun destino fatal. Non sei se Rosalía leu a Keats, pero, coma el, preguntouse: Óu loucura! Que significa o Amor, e onde encontralo?

Remato xa. Vexo ao meu redor moitos amigos. Non podía imaxinar un honor como o que recibo, na Real Academia Galega e arrodado de amigos. Outros grandes amigos, como Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro e Carlos Casares, non están porque hai algún tempo que nos deixaron. Eles, co seu labor literario, coa súa obra, honraron esta Casa, que é, en Galicia, a Casa da Palabra. Nela ingreso eu, con agradecemento e emoción. A todos, a miña gratitude.

Dixen

Resposta do excelentísimo señor don  
**Xesús Alonso Montero**





Excelentísimas e ilustrísimas autoridades; señoras académicas e señores académicos; miñas donas e meus señores:

Por decisión dunha preceptiva académica non recolleita nos Estatutos da nosa Institución, teño o privilexio de presentarme ante vostedes para facer o retrato da personalidade literaria de don Basilio Losada Castro, personalidade polifacética, no eido das Letras, como moi poucas ten habido se é que algunha houbo. Acotío, cando críticos e conferenciantes mencionan ó noso colega, evocan a súa condición de profesor (o profesor Basilio Losada), condición que, lonxe de ser a única, non sempre é a máis valiosa e rechamante. Porque rechamante e valiosa é a súa condición de narrador oral de episodios presuntamente biográficos que, por desleixo, non teñen recolleito fonogrficamente os nosos filólogos. Constituirían un capítulo preeminente do noso discurso literario.

Así pois, teño o privilexio de facer o retrato da personalidade literaria de Basilio Losada, ou sexa, do profesor e do fabulador Losada, pero tamén do ensaísta, do conferenciante, do autor de relatos, do prologuista, do antólogo, do voraz lector de poesía, do activista cultural, do bibliómano, do memorialista, do tradutor, do director literario, do epistológrafo, do crítico e de quen, desde 1960, foi, en Barcelona, na capital da República Literaria de Cataluña, o embaixador das Letras Galegas. Non mencionei, na enumeración anterior, tódalas facetas que eu enxergo na frondosa personalidade intelectual de Basilio Losada. Gustaríame ter tempo para facer senllas incursións en tres facetas que no caso do fabulador Losada non son alleas á Literatura, tanto á da erudición como á da creación: o Basilio Losada amigo, o Basilio Losada gastrónomo e o Basilio Losada teólogo.

É unha mágoa que o noso ilustre colega non teña publicado as súas memorias gastronómicas, nomeadamente os capítulos onde os xantares con certos amigos convertíanse, na sobremesa, en faladoiros literarios nos que nunca faltaban as súas precisións, verdadeiramente científicas, sobre viños case inéditos, viandas exóticas, restaurantes non catalogados e tabernas misteriosas. Eu fun beneficiario dalgúns destes faladoiros nos que o fabulador Losada creaba ou reeditaba algúns dos seus máis excelsos relatos. O fabulador, consciente de que no relato cómpre introducir algún dato histórico, ás veces facía cómplice da súa sorprendente e rechamante aventura a unha persoa que é importante, moi importante, extraordinariamente importante, na súa vida. Ten nome de musa goethiana: Isi Feuerhake. (Isi é o hipocorístico de Isolde, Isolda, a da lenda de Tristán). É a súa musa desde hai décadas con tan beneficiosa forza como o foi Dulcinea no vivir e no obrar do Cabaleiro manchego. En ocasións, o narrador oral, o fabulador, facía un inciso na súa fabulación para, dirixíndose á súa musa, á nosa agarimosa anfitriña, dedicarlle palabras de recoñecemento e de emoción nunca oídas desde que o poeta Petrarca, no século XIV, inventou esa ilusión que no noso romance (e en latín) se denomina cunha palabra bisílaba de catro fonemas: *amor*. Por certo, cónstame que nalgúns dos esbozos teolóxicos do doutor Losada, Venus, Venus como Afrodita sería, non está ausente.

Xa aquí, miñas donas e meus señores, debo aclarar que asumín a responsabilidade de facer, ante vostedes, o retrato da personalidade de Basilio Losada consciente de que era unha tarefa superlativamente difícil, non só pola súa riqueza intelectual senón pola súa riqueza vital. Porén, debo aclarar que hai na miña vida algúns aspectos que, en principio, non me desautorizan para debruzarme sobre a biografía de Basilio. Ámbolos dous somos case da mesma quinta (eu, ano e medio máis vello), o que quere dicir que padecemos, en anos decisivos da nosa formación, as mesmas tiranías morais, culturais e eclesiásticas, as tiranías franquistas daqueles míseros e duros anos; ámbolos dous procedemos dun *humus* socioeconómico e lingüístico moi semellante; ámbolos dous, contra o esperable naquel tempo e naquelas familias, accedemos á universidade, onde –cómpre resaltalo– escollemos unha carreira máis concorde coa nosa inclinación intelectual que coa codicia eco-

nómica de tantos e tantos colegas: a carreira de Letras. Por se fose pouco, Basilio e mais eu exercemos como profesores de materias filolóxicas, el en Cataluña, eu en Galicia, nun mesmo tempo cronolóxico e político.

Eu comecei a tratar a Basilio en decembro de 1963, co gallo da mostra bibliográfica “Cen anos de Literatura Galega”, exposta nesas datas no Salón rexio do Círculo das Artes de Lugo. Quen consulte o catálogo homónimo, do que somos autores, en 1964, os responsables da Mostra, Epifanio Ramos de Castro e mais eu, baterá con dúas fichas protagonizadas por Basilio Losada: a 1617, referida á súa tradución galega dunha carta de poboamento de Lleida en catalán, e a 69, referida a unha conferencia súa titulada “El renacimiento de la lírica en Galicia. Rosalía de Castro”. Foi impartida no Colexio de Licenciados e Doutores de Barcelona para profesores de Preuniversitario que, nese curso (1963-1964), tiñan (tiñamos) a obriga de explicar, entre outros escritores, a Rosalía de Castro, a autora de *Cantares gallegos*, o libro fundacional da nosa literatura, que, nese ano, 1963, cumpría cen anos.

Basilio estaba, desde 1961, cada vez máis mergullado no activismo cultural galego en Barcelona, xa no Centro Galego da cidade, xa noutras tribunas. Ese é o ano en que Ramón Piñeiro, desde Galicia, comeza a exercer de mentor seu como explicador e reivindicador do ideario galeguista. Repárese no título dese extraordinario corpus da epistolografía galega: *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia 1961-1984* (Galaxia, 2009). Son as cartas de Basilio Losada e Ramón Piñeiro, o Ramón Piñeiro que, desde 1961, conversa epistolarmente con aquel profesor lugués que, en Barcelona, está ávido de noticias galegas e de interpretacións do que aconteceu na cultura de Galicia desde a Guerra Civil. Ramón Piñeiro, óptimo epistológrafo, non tardaría en instituírse, ante Basilio Losada, no seu *magister in gallaeciana re*. Piñeiro, conversador epistolar con Basilio, fai con el o que, desde 1951, facía en Santiago, oralmente, na súa mítica “mesa camilla”, con non poucos estudantes universitarios e letraferidos de varia índole. Eu, que cursaba os meus estudos universitarios en Madrid, cheguei a el pola vía epistolar nese 1951, pero en decembro dese ano xa establecín relación persoal, xusto cando no número 3 da colección “Grial” eu acababa de publicar, por indicación súa, o meu primeiro

artigo de tema filolóxico: “A lingua galega desde Curros Enríquez”. Tamén nisto hai un paralelismo entre a biografía de Basilio e a miña: os dous fomos, nun principio, catecúmenos a distancia de Ramón Piñeiro, se ben cunha diferenza, *grosso modo*, de dez anos.

A man de Piñeiro, como man persuasiva, foi prodixiosa, tanto que Basilio, dous anos despois das primeiras cartas, en 1963, xa colabora no órgano central da cultura galega: na revista *Grial*, que acababa de nacer. Vai ser no primeiro número desta benemérita publicación, correspondente ó verán de 1963, onde Basilio publique unhas páxinas que ós letraferidos da época nos sorprenderon e confortaron. Sorprendéronnos porque o autor, Basilio Losada –así asinaba– era totalmente descoñecido entre nós. En realidade, os minuciosos bibliógrafos Xesús González Gómez e Helena González non consignan traballos seus anteriores, agás un artigo de circunstancias aparecido no xornal *El Progreso*, de Lugo, en abril de 1961. Aínda que o traballo de Basilio se publicou, en *Grial*, na sección de reseñas, era, realmente, un ensaio titulado, precisamente, “O novo ensaísmo galego”. Neste extenso e denso ensaio sobre o ensaio, Basilio fai a recensión de dous libros emblemáticos da nova ensaística galega, *O segredo do humor*, de Celestino Fernández de la Vega, e *Ensaíos I*, de Domingo García-Sabell.

*Grial* vai ser a casa de Basilio Losada nos seus primeiros anos de ensaísta e crítico literario en lingua galega, unha casa que lle abriu, e na que o estimulou, Ramón Piñeiro. O que foi Piñeiro para Basilio Losada exprésao moi ben este nunha declaración de 1980: “Descubrín Galicia a traveso de Ramón Piñeiro”.

Entre o verán de 1963 e o inverno de 1971 (34 números), Basilio colaborou en *Grial* con corenta e catro textos dos cales trinta e seis son recensión de obras, e os outros oito, se contamos senllas reseñas dunha mostra de arte galega en Barcelona e doutra do gravador Enrique Ortiz, son ensaios, como ensaio é o primeiro que publicou na revista en 1963. Éo, evidentemente, “Le Corbusier e o neobarroco arquitectónico”, unha mostra da constante preocupación de Basilio Losada polas artes, non sempre plasmada en libros e artigos. Os que coñecen as múltiples andanzas de Basilio por Europa non ignoran que viaxou máis dunha vez a cidades moi distintas por contemplar un pórtico románico, un retábulo barroco, un museo de culto ou



unha torre intrigante; tamén pateou a xeografía galega para acariciar a pedra dun templo visigótico ou as esculturas dunha humilde igrexa románica. Entre os libros que nos debe Basilio hai un especialmente interesante: o das súas viaxes artísticas, libro que sospeitamos pródigo en citas latinas, receitas culinarias, cavilacións teolóxicas e biografías engaiolantes como a de San Ero de Armenteira, inspirador, por certo, dun fermoso relato seu.

O segundo ensaio de Basilio, no número 3 de *Grial*, de 1964, titúlase “Tradición e novidade no teatro alemán de Posguerra”, longo traballo de vinte e dúas páxinas no que convoca, entre outros dramaturgos, a Piscator, Karl Zuckmayer e Bertolt Brecht. Basilio fala do ascenso e da caída do nazismo con conceptos lidos na historiografía non burguesa e achégase á ética e á estética do teatro de Brecht sen amosar reservas, o que non debeu agradar á censura da época, a de 1964. No artigo de Basilio tradúcense uns versos do dramaturgo alemán, quizais a primeira presenza do seu teatro no noso idioma. Basilio, ó esbozar a biografía de Brecht, non omite datos pouco gratos á censura ministerial: que se afiliou ó Partido Comunista en 1930; que fuxiu da Alemaña nazi en 1933; que compareceu, en 1947, nos Estados Unidos, ante o Comité de Actividades Antinorteamericanas, e que, desde 1948, residiu no Berlín Oriental, onde fundou e dirixiu o Berliner Ensemble. Dá a impresión de que este Basilio Losada era, en 1964, a extrema esquerda da editorial Galaxia. En *Grial* habrá que chegar ó número 14, de 1966, para atoparmos, no artigo “Nove cavilacións sobre a responsabilidade social do escritor”, unhas páxinas de inspiración máis ou menos marxiana. Pero o autor deste artigo non era, como Basilio, da casa, feito que honra ós directores de *Grial* (e da editorial Galaxia) polo seu amplo criterio intelectual. Sexa como for, o ensaio de Basilio, tan atento e tan favorable ó discurso teatral de Brecht, é pioneiro entre nós, e non nos estraña que proceda de alguén vencellado ás Letras catalás, as primeiras en acoller a obra do dramaturgo alemán da man do director e crítico Ricard Salvat, pouco despois amigo de Basilio Losada.

No elenco de ensaios de *Grial*, hai un que merece unha mención especial, o titulado “«Pere Quart», poeta no tempo”, ensaio que contén un apéndice con oito poemas do autor en tradución galega, seis deles do libro *Vacances pagades*

(Barcelona, 1960), libro que coincide na data de edición con *La pell de brau*, de Salvador Espriu, circunstancia que arrinca do profesor Joaquim Molas, oportunamente citado no artigo de Basilio Losada, a afirmación de que se estreaba unha nova época para a poesía catalá.

Esta colaboración lévanos, forzosamente, a tratar dun capítulo importante do traballo literario do noso colega: o Basilio Losada que nos achegou outras voces poéticas catalás, xa como tradutor, xa como prologuista; tamén nos achegou á Sociolingüística catalá na reseña que fixo en *Grial* do libro de Rafael Lluís Ninyoles *Idioma i prejuici* (1971), incursión na problemática do catalán valenciano, un conflito, opina Losada, “que ten moita semellanza ca problemática sociocultural de Galicia”. Cómpre ter en conta que daquela, entre nós, a Sociolingüística emitía as súas primeiras palabras.

Os textos, xa ensaios, xa artigos, xa reseñas, publicados por Basilio Losada en *Grial* entre 1963 e 1971, constitúen, na miña opinión, o capítulo máis interesante do seu labor como estudoso das Letras Galegas. Quen os lea hoxe con atención debe ter moi en conta que algúns deles foron escritos coa autocensura propia daquel período, o franquense. Acontece que, desde 1970, *grosso modo*, Basilio dedica moito tempo –horas e horas cada día– ou a traducir libros de éxito ou a escribir biografías sobre personalidades, de xorne moi diverso, nas que non é especialista. Ningún profesor universitario, daquela, era especialista, ó mesmo tempo, en Isabel a Católica, en Goya e en Cristóbal Colón, personalidades que el biografou, respectivamente, en 1966, 1970 e 1972. Nas cartas a Ramón Piñeiro hai celmosas observacións de Basilio sobre a personalidade amatoria e sexual da Raíña Católica e sobre os atrancos de que foi obxecto o libro por parte do Opus Dei. Neste caso, como no da biografía de Goya, o autor confésalle a Piñeiro que se trata “dun traballo alimenticio”. Verbo da biografía da Raíña mesmo lle reconece que se trata dun “libro feito en quince días [pois] o único que me interesaba eran os cartos que me deron por el”. Eu non chamaría a estas traducións “literatura alimenticia” e, si, literatura *pro pane lucrando*, porque o latín resulta máis eufemístico.

Neses anos, Basilio Losada é profesor gratuíto de Lingua Galega no Centro Galego de Barcelona, conferenciante gratuíto nese Centro e noutras tribunas de Cataluña, colaborador gratuíto na revista *Grial* e noutras revistas literarias e tamén organizador gratuíto de actividades culturais que, lonxe de produciren algún diñeiro, creábanlle problemas, algúns coa brigada político-social da Policía, que, por certo, nunca lle devolveu determinadas cartas do propio Ramón Piñeiro. Daquela, Basilio Losada xa era cabeza de familia case numerosa e, como profesor na Universidade, posuía un *estatus* de interinidade vulnerable a calquera vaivén administrativo ou político. Como o profesor Losada era políglota na cidade de máis potencia editorial de España, era case imposible subtraerse ás demandas de certas casas editoriais, algunhas das cales puxeron nas súas mans de tradutor títulos de notable valía intelectual e literaria. Basilio foi, en non pequena medida, o introdutor en España do gran novelista brasileiro Jorge Amado, daquela militante do Partido Comunista do Brasil. De 1968 é a súa tradución de *Os vellos marinheiros* (*Los viejos marineros*), a primeira novela do narrador brasileiro publicada en España. Editouna en Barcelona Luis de Caralt, “falangista”, que así o caracteriza Losada case sempre que o cita. Pero Caralt, editor antes que “falangista”, encargoulle a Basilio a tradución castelá de varios “romances” de Jorge Amado, entre eles, *Seara vermelha* (*Mies roja*, 1972). Foron títulos moi reeditados: vendíanse moito.

Tamén Luis de Caralt e outros editores acudiron á pericia de Basilio Losada para que traducise do francés, capítulo que consta de máis de trinta títulos na bibliografía do noso tradutor. Caralt non só lle encomendou a tradución de varias novelas de Georges Simenon senón a de senllos libros de Alexis Curvers e Pierre Debray. Verbo desta cuestión, ilustran, con elocuencia, unhas palabras de Losada a Piñeiro escritas en 1965:

O que é unha verdadeira desgracia é o traballo de traducións. Realmente dá cartos porque fago as versións directamente á máquina e vou rápido, pero teño que pagar cada libro que dá arrepiós. O editor –Caralt– está especializado en literatura estilo *Los nuevos curas*, contra as tendencias anovadoras do Concilio, e lévolle traducidos xa *Pío XII, el Papa ultrajado* [de A. Curvers], e o *Informe sobre los nuevos curas* [de P.

Debray]... Por sorte parez que agora vanme caer unha chea de novelas de Simenon que, polo menos, son entretidas.

O capítulo das traducións (case douscentos volumes) merecía unha moi extensa monografía: traducións ó castelán do portugués, do francés, do catalán e do alemán, estas coa colaboración da musa goethiana. Nesa monografía, un apartado especial ocuparía o elenco de tradución do galego ó castelán. Moitos lectores que hoxe en España (e fóra de España) gustan da literatura galega chegaron a ela da man de Basilio Losada, tradutor de voces moi representativas da nosa narrativa, do noso teatro e da nosa poesía: Carlos Casares, Álvaro Cunqueiro, Celso E. Ferreiro, Víctor F. Freixanes, Xosé Neira Vilas, Manuel Rivas, Suso de Toro, Xohana Torres, Manuel Forcadela...

Nesa monografía futura sobre Basilio Losada como tradutor, un capítulo de especial importancia recollerá as antoloxías de poesía galega en edición bilingüe (galego/castelán), por el tamén prologadas e anotadas. Un número completo da revista leonesa *Claraboya*, de 1967, recolle voces que, probablemente, nunca foran traducidas ó castelán, entre elas, Luís Pimentel, Luís Seoane, Bernardino Graña, Salvador García-Bodaño, Xosé L. Franco Grande e Arcadio López-Casanova. De 1971 é a escolma, tamén en edición bilingüe, nun número da revista *Fablas*, publicada en Las Palmas de Gran Canaria. Os poetas escolleitos coinciden, en boa parte, cos ofrecidos na revista de León. Tanto *Claraboya* como *Fablas* son revistas non comerciais, deseñadas e dirixidas por patriotas da cultura, por persoas comprometidas co feito poético, expresábase este na lingua oficial de España ou nas outras linguas españolas. Daquela, un lector ilustrado de Cuenca, de León, de Granada ou de Teruel, cando recibía unha revista literaria con textos nas catro linguas do País, decatábase axiña de que non só existían o galego, o catalán e o éuscaro senón de que eran idiomas, administrativamente, subalternos. Basilio Losada, colaborador gratuíto destas revistas, non ignoraba a dimensión política do seu traballo, a dimensión alertadora e concienciadora.

Por outra parte, algúns dos poetas escolmados ofreceunos o noso antólogo, tradutor e prologuista na antoloxía de Ocnos de 1971 e na de Seix Barral de 1972. A conclusión é doada: voces importantes da poesía galega de Posguerra transitaron,

no franquismo, por mares nunca antes navegados mercé ó saber e ós esforzos de Basilio Losada: mercé ó compromiso deste *civis galaicus* transterrado en Barcelona. É o mesmo compromiso que asume cando se responsabiliza en 1968 da edición bilingüe de *Longa noite de pedra*, que lle encargou a colección de poesía El Bardo. Dirixíaa o benemérito José Batlló, que non pagaba, e non pagaba, porque militar daquela no espallamento de certo tipo de poesía, ademais de alporizar as gadoupas das autoridades, producía pouco gaño (Batlló, que publicou máis de 200 libros de poemas, vive pobre, hoxe, en Barcelona). Así pois, máis dunha vez Basilio Losada colabora por lealdade a un compromiso cívico, e aí está a súa eficaz tradución dos poemas de Celso Emilio e o seu magnífico prólogo onde, por certo, hai unha astucia literaria que é de xustiza subliñar. Nos parágrafos en que define a peculiaridade cívica da poesía do novo Curros Enríquez para os lectores hispanos, ilustra as súas consideracións con versos ou fragmentos de poemas, mais nun caso, cun poema enteiro, a “Carta a Fuco Buxán”, non aparecido na primeira edición de *Longa noite de pedra* porque os responsables desa edición, o poeta e o seu amigo Fernández del Riego, conscientes de que non pasaría a peneira da Censura, acordaron, case con bágoas nos ollos, non incluílo no inquietante poemario. Fíxoo o astuto e patriota prologuista da segunda edición, facendo ver, tamén ós censores, que esa “Carta a Fuco Buxán” era o texto axeitado para a explicación profesoral da poética do autor traducido.

Na España de Franco era case subversivo explicar, aínda en termos académicos, para lectores extragalegos, que a Literatura Galega tiña dereito, no concerto da literatura mundial, a un lugar e a un recoñecemento. Vai ser en 1967 cando a editorial barcelonesa Vicens Vives publique unha xigantesca panorámica co título *Las literaturas contemporáneas en el mundo*, panorámica onde, á beira de literaturas tan estudadas, celebradas e consolidadas como a francesa, a inglesa, a española ou a rusa, figura un estudo da literatura galega redactado con moito xeito polo noso homenaxeado. Por primeira vez figuran as nosas Letras nunha enciclopedia da literatura universal escrita en español.

Feita esta afirmación, teño a obriga de ser xusto cun enciclopédico erudito italiano que foi correspondente da nosa Academia desde 1948 á súa morte, acae-

cida en Pisa no ano 1975. Nacera en Milán en 1898. Refírome a un monstro da erudición literaria chamado Giacomo Prampolini, autor, el só, dos cinco grosos volumes que titulou *Storia universale della letteratura* (Torino, 1932-1938), traducido ó español en Buenos Aires nunha edición de trece volumes nos anos da Posguerra. Na proposta para nomealo membro correspondente da nosa institución, Leandro Carré Alvarellos, Ángel del Castillo e Paulino Pedret salientan que, na súa *Historia universal de la literatura*, o señor Prampolini “trata con singular acierto la literatura del país gallego”. Por conseguinte, Giacomo Prampolini foi un precursor de Basilio Losada, un Basilio Losada que, anos despois, colabora nun corpus de estudos literarios que, ata onde sei, non ten precursores. Refírome a un volume colectivo, enteiramente redactado en alemán, co título *Spanische Literatur*, publicado en Frankfurt de Main no ano 1991. Centrado nos escritores e nas correntes literarias do século XX, colaboran nel, entre outros, Juan Goytisolo (sobre Clarín), José M.<sup>a</sup> Valverde (sobre Antonio Machado), Gonzalo Sobejano (sobre a novela realista) e Carlos Casares (sobre Valle-Inclán). As literaturas periféricas son abordadas por coñecidos e recoñecidos especialistas: a catalá, por Joaquín Molas; a vasca, por Jon Juaristi, e a galega, por Basilio Losada, co título “Die galicische Literatur”.

Cando se di que Basilio Losada foi, desde 1960, o embaixador das Letras Galegas no ámbito das Letras Catalás, dise algo que é rigorosamente certo. El representounos antes e despois da morte de Franco, el relacionou escritores nosos con escritores de Barcelona, el promoveu ou organizou encontros galego-cataláns, el traduciu textos dun idioma ó outro, etc., etc. Pero hai máis. Traducións súas de autores galegos chegaron a espazos hispánicos alleos ou case alleos á existencia da nosa literatura. Tamén o estudoso, xa en 1967, deu lugar a que a nosa literatura existise como tal no concerto das literaturas do mundo. Dese xeito, ós nosos escritores, ás veces non moi valorados na súa Terra, pasoulles o sol por diante da porta.

Ignoro se entre as obras inéditas de Basilio Losada existe a *Historia da literatura galega* que lle encargara nestes anos, con moi bo criterio, Ramón Piñeiro. Nunha carta de xaneiro de 1967, Basilio comúncalle a Piñeiro: “a miña *Historia*

*da literatura galega* non avanza como debera. Cánsome de rachar follas”. Noutra de febreiro do mesmo ano reitera: “a miña *Historia da literatura galega* non avanza. Ponme medo cada liña, cada adxectivo”. Pero Piñeiro, teimón e delicado coma sempre, faille esta observación un mes despois: “¿Por qué che dá tanta nugalla escribir a *Historia da literatura galega*? Terás que a vencer, porque non é razonable”. Aquí as cousas, eu pregunto: era este un deses períodos nos que Basilio Losada é moito máis proclive á elaboración de capítulos que de volumes completos? Como estamos en 1967, cómpre ter moi en conta que se trata dun período de infinitas ocupacións, gratuítas moitas delas, que, nun espírito coma o de Basilio Losada, non favorecen empresas literarias do alento e da dedicación esixidos por un manual que examine o discurso literario galego desde Mendiño e Airas Nunes a Franco Grande, García-Bodaño e Xohana Torres.

*Rebus sic stantibus*, qué facer coas outras dimensións deste home de Letras tan multifacético. Hai unha, merecente dunha tese de doutoramento de considerable magnitude, na que teño que facer unha incursión, infelizmente moi breve. Xa foi aludida: trátase do Basilio Losada fabulador oral, especie literaria que debería ocupar, aínda nas academias máis severas, unha cadeira moi especial. Xa me referín a esa fabulosa condición no artigo que figura no volume de homenaxe ó profesor Losada co gallo da súa xubilación (Universitat de Barcelona, 2000). Nesa ocasión, eu facía esta cavilación:

... hai un libro que eu agardo desde hai anos, un libro que teríamos que editar un grupo de amigos, non alleos ás artes da Filoloxía, entre eles Carlos Casares. Trátase dos relatos autobiográficos cos que Basilio ten engaiolado ós de Laíño e ós de Lestrove en tertulias, sobremesas, viaxes, tabernas e congresos literarios.

Pertence Basilio a unha “raza” que ten producido en Galicia grandes fabuladores, algúns tan excelsos como Pedro Martul e Luís Soto, moi superiores, nas súas creacións, á fabulatoria oral de Álvaro Cunqueiro. Un texto xenial deste tipo de discursos é o relato de Pedro Martul no que contaba o seu encontro –e o de Castelao– con Stalin na Moscova de 1938, no mesmísimo Kremlin. Basilio, sen dúbida *primus inter pares*, é autor de relatos verdadeiramente antolóxicos. Pero, para recollelos con fidelidade filolóxica, os editores terían que traballar en equipo e con criterios moi



rigorosos, pois xa circulan, polos cenáculos e mentideiros do país, versións non moi fiables, como as que conta Carlos Casares cando o autor –e protagonista– non está diante. Os interesados nesta edición de textos –capítulo ilustre da Ecdótica oral– teñen nos retrincos autobiográficos de Basilio un corpus textual tan apaixonante como o dos romances vellos hispanos oídos e editados por don Ramón Menéndez Pidal hai cen anos...

De tódolos xeitos, os estudosos do peculiar “caso Basilio Losada” han ter, como xa indicamos, moito coidado coas versións contaminadas, incluso nas versións que non empeoran o texto orixinal, como acontece nalgunhas transmitidas polo saudoso Carlos Casares.

Foi Casares, precisamente, quen, nun artigo do volume citado, afirmou:

Quen non lle teña escoitado [a Basilio] a historia da mili e o rei de Xordania ou a aventura do machete que lle foi requisado pola policía brasileira... é como se non lese *Madame Bovary* ou *Ana Karenina*, e non creo esaxerar.

Carlos Casares sabía ben do que falaba.

E chegamos ó momento en que temos que saudar o discurso co que nos acaba de agasallar o novo compañeiro. Versa sobre Rosalía de Castro, mil veces presente nas súas conferencias e na súa obra escrita: artigos, ponencias, prólogos, edicións... Tamén a súa lección de xubilación, na Universidade de Barcelona, tratou sobre Rosalía, e nela tamén reflexionou sobre as novelas de Rosalía, obras, daquela, pouco visitadas por críticos e estudosos. Non é así hoxe, e penso que o actual interese pola novelística rosaliana débese, nalgunha medida, a certas páxinas do profesor Losada, nomeadamente a tres estudos introdutorios de 1994: a *La hija del mar*, a *Flavio* e a *El caballero de las botas azules*. Non deixa de ser indicativo o feito de que sexan autoras, agora mesmo, de traballos esclarecedores sobre Rosalía como narradora, dúas profesoras do departamento universitario que dirixía o profesor Losada: Helena González e M.<sup>a</sup> Xesús Lama. En realidade, as presentes “Reflexións” son un compendio do moito que, ó longo da súa longa vida de explicador, ten dito Basilio Losada sobre as novelas de Rosalía pero tamén sobre a súa poesía e a súa vida, unha



vida que sabía moito da soidade. Nesta ocasión, Basilio Losada ingresa na Real Academia Galega, na Casa da Palabra, da man de Rosalía de Castro. O noso colega revela, no inicio do seu discurso, que quería “falar aquí de Rosalía de Castro porque Galicia é –engade– o único país do mundo construído e mantido en vida polos seus poetas, e cunha muller en cabeza deles”.

O doutor Basilio Losada Castro ingresa, pois, na Academia, da man de Rosalía de Castro, que foi, con *Cantares gallegos* e *Follas novas*, o pauciño máxico que devolveu ás vellas palabras inescritas a forza e a luz que levaban dentro.

Eu recibo a Basilio Losada Castro, en nome da Academia das palabras de Galicia, cuns versos dun sabio filólogo italiano que tamén é Académico de Honra da nosa institución:

*Ben ajades, Basilio, meu amigo!  
Honor vós sodes da galega grei.*

Dixen.



Bibliografía de  
Basilio Losada Castro





## NOTA PREVIA

A presente bibliografía non recolle a totalidade dos textos publicados polo profesor Basilio Losada: recolle unha parte significativa. Quen queira ter noticia da produción do profesor Losada, debe consultar a bibliografía elaborada por Xesús González Gómez e Helena González para o volume *Professor Basilio Losada. Ensinar a pensar con liberdade e risco*<sup>1</sup>. Para o presente compendio, nós tivemos moi presente o minucioso inventario publicado nese ano e tamén o seu criterio organizativo, agora ben, como desde o ano 2000, o profesor Losada seguiu publicando textos, nós incorporamos aqueles que nos pareceron máis significativos. Estamos convencidos de que a presente Bibliografía, pouco incompleta, representa, no esencial, o polifacético e fértil labor literario levado a cabo polo profesor Basilio Losada durante máis de cincuenta anos.

### 1. CREACIÓN LITERARIA

*Ero de Armenteira*. Contos do Castromil, 25. Vigo: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, 1993.

*La Peregrina*. Barcelona: Grijalbo, 1999. Prólogo de José Saramago.

1 Barcelona: Universitat, 2000, 29-69.

## 2. LIBROS

- Anónimo (1964): *El Lazarillo de Tormes*. Barcelona: Instituto de Artes Gráficas.  
Adaptación de Basilio Losada.
- Isabel la Católica*. Barcelona: Instituto de Artes Gráficas, 1966.
- Galicia*. Barcelona: Taber, 1969.
- Goya*. Barcelona: Verón, 1970.
- Cristóbal Colón*. Barcelona: Afha, 1972.
- O Camiño de Santiago = El camino de Santiago = Le chemin de Saint-Jacques*. Vigo: Ir Indo, 1992.
- Losada, Basilio e Ramón Piñeiro (2009): *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia 1961-1984*. Vigo: Galaxia. Edición de María Xesús Lama e Helena González.

## 3. DISCURSOS

- “Pedrón de Ouro. Resposta de Basilio Losada Castro”, *Encrucillada* 43 [1985], 256-257.
- “Laudatio”, en *Solemne Acto de Investidura como Doctor Honoris Causa del Excmo. Sr. D. José Saramago bajo la presidencia de S.A.R. El Príncipe de Asturias*. Toledo: Universidad de Castilla-La Mancha, 1998, 13-17.
- “Resposta de Basilio Losada”, en *En louva do galego egrexio 1998 [discurso pronunciado por Carlos Casares e resposta de Basilio Losada]*. Vigo: Fundación Premios da Crítica Galicia, 1999, 15-22.

## 4. ESTUDOS E ARTIGOS EN ACTAS DE CONGRESOS, HOMENAXES E VOLUMES COLECTIVOS

- “Literatura en lingua gallega”, en Antonio Vilanova [et al.], *Las literaturas contemporáneas en el mundo*. Barcelona: Vicens Vives, 1967, 84-94.
- “O futuro da prosa literaria galega”, en *O porvir da lingua galega*. Lugo: Círculo de las Artes. Instituto de Estudios, 1968, 57-65.

- “O Centro Galego de Barcelona en 1970”, en Xesús Alonso Montero (dir.), *Galicia ano 70*. Lugo: Celta, 1971, 95-96.
- “Literatura gallega”, en Guillermo Díaz-Plaja (ed.) *Tesoro breve de las letras hispánica*. T. 7. Madrid: Magisterio Español, 1974.
- “A poesía”, en *Galaxia almanaque (1950-1975)*. Vigo: Galaxia, 1974, 103-105.
- “Dous aspectos da emigración na obra de Rosalía”, en Fundación Rosalía de Castro (ed.), *Presencia de Rosalía. Homenaxe no noventa cabodano do seu pasamento*. Vigo: Patronato Rosalía de Castro, 1975, 79-81.
- “La literatura”, en X.R. Barreiro Fernández [et al.], *Los gallegos*. Madrid: Istmo, 1976, 241-318.
- “Ca lembranza dunha lectura de Alberti”, en Francisco M. Arniz (ed.), *Del corazón de mi pueblo: homenaje a Rafael Alberti*. Barcelona: Península, 1977, 118-123.
- “A morte de Luis Seoane”, en *Galicia no ano 79/ por 41 autores*. [La Guardia: Impr. J.A. Vicente], 1980, 15-21.
- “Índice incompleto de vinte anos de ensaísmo galego”, en *Galicia 1950-1980. Trinta anos de cultura galega*. Vigo: Galaxia, 1980, 9.
- “Algunha vez teño pensado que...”, en Xulio Xiz (dir.), *Os escritores lucenses arredor de Fole*. Lugo: Concello, 1986, 133.
- “Rosalía e a dor dos inocentes”, en *Actas do Congreso I Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*. Vol. I. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1986, 211-215.
- “Experiencias sobre estruturas sintácticas muy próximas: la narrativa de Saramago”, en *La traducción literaria de lenguas romances*. Madrid: Fundación Banco Exterior, 1987, 133-140.
- “Literatura gallega”, en Andrés Amorós [et al.], *Letras españolas 1976/1986*. Madrid: Castalia, 1987, 261-282.
- “Literatura gallega y censura franquista”, en Manuel L. Abellán [et al.], *Censura y literatura peninsulares*. Amsterdam: Rodopi, 1987, 57-63.
- “Pessoa e a destrucción da obxetividade”, en Ricardo Carvalho Calero [et al.], *Fernando Pessoa no centenario do seu nascimento*. Sada: Edicións do Castro, 1988, 9-12.

- “Picasso i Pessoa: dos procesos de despersonalizació”, en Y. H. Centeno [et al.], *Aspectes actuals de l'obra de Pessoa*. Barcelona: Fundació Caixa de Pensions, 1988.
- “Castelao e as vangardas”, en Justo G. Beramendi e Ramón Villares (eds.), *Actas do Congreso Castelao*. Vol. 2. Santiago de Compostela: Universidade, 1989, 125-128.
- “Celso Emilio en Venecia”, en Marcelino Abuín Duro (coord.), *Celso Emilio*. Santiago de Compostela: Fundación Celso Emilio Ferreiro, 1989, 97-99.
- “[Intervención]”, en Fernando R. Lafuente (dir.), *Jorge Amado*. Semana de Autor. Madrid: Ediciones de Cultura Hispánica, 1989, 20-22.
- “A poesía lírica de Celso Emilio Ferreiro”, en *Voz e voto: homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no X aniversario do seu pasamento*. Celanova: Patronato Curros Enríquez, 1991, 115-118.
- “Die galicische literatur”, en Herausgegeben von Michi Strausfeld, *Spanische Literatur*. Frankfurt am Main: Suhrkamp, 1991, 301-318.
- “Ramón Piñeiro, profesor nos Estados Unidos”, en *Homenaxe a Ramón Piñeiro*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1991, 265-270.
- “Un futuro para a literatura galega”, en *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Cultura, 1992, 457-460.
- “«Elegies de Bierville» (e tantas elexías persoais)”, en Xesús Alonso Montero (ed.), *Carles Riba e Galicia: homenaxe no I centenario do seu nacemento*. Vigo: Galaxia, 1993, 314-317.
- “A poesía de Cunqueiro, entre os prerrománticos e o surrealismo”, en *Congreso Álvaro Cunqueiro*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Cultura, 1993, 297-301.
- “Un home de Galicia a quen chamamos Paco”, en *Rolda de amigos derredor de Francisco Fernández del Riego*. Sada: Edicións do Castro, 1993, 17-19.
- “Guimarães Rosa y la experimentación idiomática en el Brasil, los linderos de la posmodernidad”, en Joaquín Marco (ed.), *Actas del XXIX Congreso del Instituto Internacional de Literatura Iberoamericana*. T. III. Barcelona: PPU, 1994, 377-380.



- “Luís Seoane, estética e compromiso”, en [VI] *Commemoración das Letras Galegas*. Barcelona: Universitat, 1995, 5-7.
- “O popular e o culto en *Dos arquivos do trasno*”, en Domingo García-Sabell [et al.], *Rafael Dieste, un creador total*. Vigo: Galaxia, 1995, 57-64.
- “Suso de Toro”, en Xurxo Lobato, *Galegos na escaleira*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1995, 45.
- “Pessoa”, en Jordi Llovet (ed.), *Lecciones de literatura universal. Siglos XII a XX*. Madrid: Cátedra, 1996, 987-995.
- “Vicente Risco na cultura galega”, en Carlos Casares (coord.), *Vicente Risco: Actas do congreso*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996, 321-329.
- “Xesús Ferro Couselo”, en [VII] *Commemoración das Letras Galegas*. Barcelona: Universitat, 1996, 5-6.
- “Un escritor, un mundo”, en VIII *Commemoración das Letras Galegas*. Barcelona: Universitat, 1997, 7-8.
- “[A conmemoración do Día das Letras Galegas...]”, en IX *Commemoración das Letras Galegas*. Barcelona: Universitat, 1998, 5-6.
- “Os procesos de oralidade na literatura galega culta”, en Dieter Kremer (ed.), *Actas do V Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Vol. II. [Sada]: Edicións do Castro, 1999, 989-992.
- “Unha literatura para o século XXI. Ensaio de profecía”, en Camilo Fernández González (dir.), *A lingua e a literatura galega nos alicerces do Terceiro Rexurdimento (1976-2000)*. Terrassa-Barcelona: Cursos de Lingua e Cultura Galegas, 1999, 57-58.
- “As vangardas dos pobres”, en Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (coord.), *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Vol. II. Santiago de Compostela: Universidade, 1999, 899-902.
- “Roberto Blanco Torres”, en X *Commemoración das Letras Galegas*. Barcelona: Universitat, 1999, 4-5.
- “A oralidade na obra de Rafael Dieste”, en *Xornadas sobre Rafael Dieste*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2000, 111-116.

- “Sen reticencias, dúas palinodias”, en José Luís Rodríguez (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia - Universidade, 2000, 259-262.
